

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 24 DE XANEIRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Proxecto de Lei de modificación da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se aproba o programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2013.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da antiga estrada LU-113 desde o pq:30 + 390 ata o pq:31 + 520 a prol do Concello de Abadín.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que crea o Consello para a innovación en materia sanitaria e se establece a súa composición, organización e funcionamento.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza administrativamente, se aproba o proxecto de execución e se declara de utilidade pública, en concreto, da “Nova Subestación de Transporte de Tomeza 220 kv”, no termo municipal de Vilaboa (Pontevedra). Expte.: IN407A 2010/65-4.
- Acordo polo que se autoriza administrativamente, se aproba o proxecto de execución e se declara de utilidade pública, en concreto, da “LAT 220 kv cuádruplo circuíto e/s na subestación de Tomeza da LAT 220 kv Lourizán – Tibo e Lourizán - Pazos”, no termo municipal de Vilaboa (Pontevedra). Espte.: IN407A 2010/66-4.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a participación galega no VII Programa Marco de I+D+I da Unión Europea.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.
- Informe sobre o balance da convocatoria de contratos-programa para o curso 2012-2013.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o rexistro de enfermidades renais.

A LEI DE HORARIOS COMERCIAIS BUSCA FACER COMPATIBLES AS NOVAS REALIDADES CO NOSO MODELO TRADICIONAL

- *A norma, elaborada en base ás necesidades transmitidas polos comerciantes, adapta a Galicia o novo marco estatal tendo en conta as peculiaridades do sector*
- *O pequeno comercio seguirá a gozar de liberdade horaria e fíxanse en 10 os domingos e festivos de apertura autorizada ao ano, o mínimo permitido*
- *Os establecementos poderán abrir ata un máximo de 90 horas á semana*
- *Suavízanse as fallas leves para protexer ao pequeno e mediano comercio e intensifícanse as fallas máis graves*

O Consello da Xunta vén de aprobar o proxecto de Lei pola que se modifica a Lei 13/2006, de horarios comerciais de Galicia, co obxectivo de adaptar a normativa galega ao novo marco estatal facendo compatibles as novas realidades do sector co noso modelo tradicional, e apostando pola competitividade e a potenciación do comercio de proximidade.

Nesta norma, que será agora remitida ao Parlamento para a súa aprobación, téñense en conta á hora de aplicar a normativa estatal as peculiaridades da nosa comunidade, que conta cun sector comercial diverso e equilibrado. Neste sentido, o pequeno comercio seguirá a gozar de liberdade horaria, que será de aplicación para os establecementos comerciais que dispoñan dunha superficie útil para a exposición e venda ao público de ata 300 metros cadrados.

Para o resto de establecementos comerciais fíxanse un total de 10 domingos e festivos de apertura autorizada ao ano, o número mínimo dentro das posibilidades que ofrece o Real decreto lei 20/2012, e suprímese o requisito de que durante estes días o horario máximo de apertura sexa de 12 horas. Os 10 domingos e festivos de apertura para este ano xa foron fixados mediante unha orde publicada o pasado mes de outubro.

No proxecto de lei elaborado polo Goberno galego establécese ademais que o horario no que os comercios poderán desenvolver a súa actividade durante o conxunto da semana será dun máximo de 90 horas.

Ademais destes aspectos, e co obxectivo de homoxeneizar e racionalizar o réxime sancionador galego en materia comercial, no proxecto de lei equipáranse as contías das sancións establecidas na Lei de horarios comerciais do 2006 coas recollidas na Lei do comercio interior de Galicia de 2010.

Co fin de gravar a reincidencia na comisión de infraccións, increméntanse as sancións para as faltas moi graves, que poden chegar ata un millón de euros. Ao mesmo tempo, pensando nos pequenos e medianos comercios, redúcense as sancións para as faltas leves, que baixan dun máximo de 60.000 ata 1.500 euros.

Tal e como se recolle na normativa, á hora de graduar o importe da sanción téñense en conta factores como a superficie do establecemento, o volume de vendas ou a contía de beneficio ilícito obtido como consecuencia da infracción, de tal xeito que a un establecemento con maior capacidade económica lle correspondería tamén unha maior sanción dentro dos límites establecidos.

Co proxecto de Lei que hoxe foi aprobado polo Consello da Xunta, elaborado tendo en conta as necesidades transmitidas polo sector, o Goberno galego avanza na modernización e dinamización do comercio galego, outorgándolle seguridade xurídica, ao tempo que se garante un axeitado nivel de oferta ás persoas consumidoras.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE ESTABECE A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA VICEPRESIDENCIA E DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- *Integran a estrutura a Secretaría Xeral de Igualdade, a Asesoría Xurídica, e seis direccións xerais: Xustiza, Administración Local, Relacións Institucionais e Parlamentarias, Emerxencias e Interior, Relacións Exteriores e coa Unión Europea e Avaliación e Reforma Administrativa*
- *Tamén están adscritas as delegacións da Xunta de Galicia no exterior, o IMELGA, EGAP, AGASP, AXEGA e as cinco delegacións territoriais da Xunta de Galicia*

O Consello da Xunta deu esta mañá o visto e prace ao decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A nova Vicepresidencia da Xunta configúrase como un órgano superior de coordinación da Presidencia en relación á planificación entre os departamentos, as relacións coas administracións locais, o programa legislativo da Xunta, a elaboración das normas de carácter xeral, e en particular, a coordinación das relacións entre o poder executivo e o Parlamento de Galicia, así como a promoción e adopción de medidas encamiñadas á consecución da Igualdade efectiva das mulleres e dos homes e a súa asistencia xurídica. O Presidente da Xunta pode delegarlle calquera outra función co fin de acadar unha maior axilidade e eficacia na xestión administrativa.

A nova estrutura que hoxe aproba o Consello da Xunta optimiza os recursos públicos e continúa co proceso de racionalización, simplificación e redución das estruturas administrativas iniciado polo actual Goberno, mantendo o máximo nivel de calidade na prestación dos servizos públicos e sen que a nova ordenación supoña incremento de gasto.

Á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configurada como órgano de apoio e asistencia á Presidencia e á Vicepresidencia da Xunta de Galicia, correspóndelle a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de xustiza, administración local, relacións institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións exteriores e coa Unión Europea e avaliación e reforma administrativa.

Polo tanto, ademais do vicepresidente e conselleiro, integran a estrutura Secretaría Xeral da Igualdade, a Asesoría Xurídica Xeral, con nivel orgánico de Dirección Xeral, a Secretaría Xeral Técnica; seis direccións xerais (Xustiza, Administración Local, Relacións Institucionais e Parlamentarias, Emerxencias e Interior, Relacións Exteriores e coa Unión Europea e Avaliación e Reforma Administrativa) e as cinco delegacións territoriais da Xunta de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo). Ademais, tamén se lle

adscriben as delegacións da Xunta de Galicia no exterior, o Instituto de Medicina Legal de Galicia, e os organismos autónomos da Escola Galega de Administración Pública, a Academia de Seguridade Pública e a Axencia Galega de Emerxencias.

Segundo se recolle no decreto, a Secretaria Xeral de Igualdade terá entre as súas funcións impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e a eliminación da discriminación entre homes e mulleres, a eliminación da violencia de xénero, promover a incorporación do principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes en todas as normas, políticas, actuacións, plans e estratexias da Xunta; planificar, deseñar, coordinar e avaliar a xestión das políticas do goberno galego en materia de igualdade, erradicación da violencia de xénero e promoción da corresponsabilidade entre mulleres e homes no ámbito persoal, familiar e laboral. As unidades administrativas que a integran son a Subdirección Xeral de Xestión Técnico-Administrativa e presupuestaria, a Subdirección xeral de Promoción da Igualdade, e a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero

A Asesoría Xurídica xeral terá unha unidade administrativa que é o Servizo de Asuntos xerais, e para o exercicio das súas competencias, a Secretaría Xeral Técnica contará cunha Vicesecretaría Xeral, Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, Administrativo e de Recursos Humanos, Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa e Subdirección Xeral de Coordinación de Servizos Transversais.

A Dirección Xeral de Xustiza exercerá as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia aos medios persoais, económicos e materiais ao servizo da Administración de xustiza; á promoción e desenvolvemento do dereito civil de Galicia; á demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral e ao acceso dos cidadáns á xustiza en igualdade de oportunidades. No exercicio das súas competencias, correspóndenlle as relacións ordinarias cos órganos do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza e demais institucións relacionadas co ámbito xurisdiccional. Na súa estrutura intégranse as Subdirección Xeral de Persoal da Administración de Xustiza e a Subdirección Xeral de Medios da Administración de Xustiza.

No que se refire á Dirección Xeral de Administración Local ten dúas unidades administrativas: a Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación Económica coas Entidades Locais e a de Réxime Xurídico Local. Entre as súas funcións están a coordinación das políticas públicas en materia de administración local, xestión en materia de Pacto Local e cooperación coas Asociacións de Municipios; a proposición das directrices en relación cos programas de cooperación e financiamento local e, en especial, no Fondo de Cooperación Local; a elaboración dos programas formativos en materia de Administración local; o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas; o fomento e a ordenación dos procesos asociativos e consorciais das entidades locais así como as propostas en materia de organización territorial; o fomento

do asociacionismo veciñal; a elaboración, impulso e xestión de programas con financiamento da Unión Europea e de cooperación transfronteiriza con incidencia no mundo local e no ámbito das competencias da Consellería, facendo especial fincapé nas accións enmarcadas no eido da cooperación Galicia-Norte de Portugal e a xestión do Portal de Eido Local, así como o fomento e impulso da incorporación das novas tecnoloxías, en colaboración coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, e de métodos de calidade nas administracións locais galegas.

Pola súa banda, a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias conta con catro unidades administrativas; os Servizos de Seguimento Lexislativo e Acordos Parlamentarios; Desenvolvemento Institucional; Coordinación; e Seguimento e Análise Competencial. Esta dirección é a encargada de informar e asistir ao Goberno nas súas relacións co Parlamento de Galicia; o seguimento do programa lexislativo e dos acordos adoptados polo Parlamento de Galicia; a organización e coordinación dos procesos electorais en que sexa competente a Comunidade Autónoma de Galicia; o seguimento das iniciativas tramitadas nas cortes xerais ou noutras comunidades autónomas, que puideren ter algunha relación coa Comunidade Autónoma de Galicia; a determinación do departamento da Xunta que debe dar resposta ás iniciativas parlamentarias que se presenten na cámara, así como a representación da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión Mixta de Transferencias e nas comisións bilaterais de cooperación entre a Administración xeral do Estado e a Administración autonómica, e o seguimento da participación da Xunta de Galicia nas conferencias sectoriais, entre outras funcións.

En canto á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, estrutúrase en tres subdireccións xerais: a de Planificación e Protección Civil; a de Seguridade e Coordinación; e a de Xogo e Espectáculos Públicos. Este departamento exercerá a dirección, coordinación e execución das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de atención de emerxencias e de protección civil, tales como prevención, previsión e a análise de riscos; planificación da protección civil; intervención e atención das emerxencias e restablecemento dos servizos esenciais para a cidadanía afectada por unha emerxencia. Encargarase tamén da dirección do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e a representación da consellería na Comisión Nacional de Protección Civil e noutros organismos de coordinación.

Así mesmo, corresponderalle a esta dirección xeral a planificación e coordinación dos plans e programas dos servizos contra incendios e salvamento locais sen prexuízo das competencias que poidan corresponderlle á Dirección Xeral de Administración Local. A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior debe encargarse tamén da xestión e resolución dos asuntos que lles corresponden en materia de interior (casinos, xogos e apostas; asociacións; e espectáculos públicos); e en materia de seguridade (servizos de seguridade, policía locais, persoal adscrito aos servizos policiais da Xunta, cooperación con forzas e corpos de seguridade do Estado, prevención e seguridade....).

Á Dirección Xeral Relacións Exteriores e coa Unión Europea configúrase como o órgano superior da Administración autonómica de apoio, asistencia e asesoramento ao presidente en todas as actuacións que, en materia de relacións coa Unión Europea, acción exterior, análise do contorno internacional que incida sobre as súas competencias e da cooperación ao desenvolvemento, leve a cabo a Administración autonómica, xestionando os procedementos que desas materias deriven. Este centro directivo estrutúrase en catro subdireccións xerais, a de Relacións con Unión Europea; a de Cooperación Exterior; a de Análise e Programación e a de Acción Exterior e de Cooperación Transfronteiriza.

Por último, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa é o órgano central para impulsar actuacións de modernización e reforma administrativa co obxectivo de acadar unha Administración pública eficaz, eficiente e orientada á prestación de servizos da calidade ao cidadán. Este centro directivo exercerá as súas competencias sobre todas as consellerías, organismos autónomos, entes públicos, fundacións e empresas públicas da Administración da Comunidade Autónoma, coa exclusión dos sistemas sanitarios, educativo e xudicial. As unidades administrativas coas que contará esta dirección xeral serán os equipos de auditores e analistas de xestión do rendemento e calidade.

O PROGRAMA ESTADÍSTICO PARA 2013 INCORPORA 159 OPERACIÓNS E ACTIVIDADES CUN INVESTIMENTO DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS

- *Esta programación é a segunda do Plan Galego de Estatística (PGE) 2012-2016*
- *Recolle 24 actividades novas vinculadas á demografía, ao territorio, ao emprego, ao sector empresarial, á administración local e ao resto de obxectivos informativos do PGE 2012-2016*
- *Destacan as estatísticas relacionadas co mundo laboral, a de ‘Censos demográficos’, a do ‘Panorama dos sete grandes concellos de Galicia’ e o pulo dado á información municipal*
- *O obxectivo central do PGE 2012-2016 é desenvolver e consolidar o sistema estatístico galego e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de información que responda ás demandas da sociedade*
- *A designación dos órganos estatísticos das consellerías contribúe decisivamente ao cumprimento dos principios de transparencia e de metodoloxía sólida recollidos no código de conduta para as estatísticas europeas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2013, que incorpora 159 operacións e actividades estatísticas cun investimento de 1.228.661 euros. Á programación acordada polo Pleno do Consello Galego de Estatística o pasado 21 de decembro engádense sete novas operacións relacionadas coa atención ás emerxencias e a administración local.

Esta programación anual, a segunda do Plan Galego de Estatística (PGE) 2012-2016, ten entre os seus obxectivos avanzar na consolidación da organización estatística de Galicia e contribuír á creación dun verdadeiro sistema público en España.

En total, o Programa Estatístico do vindeiro ano recolle 24 estatísticas novas vencelladas á demografía, ao territorio, ao emprego, ao sector empresarial, á administración local e ao resto de obxectivos informativos do PGE 2012-2016. Entre estas, destacan a de ‘Censos demográficos’, ‘Panorama dos sete grandes concellos’, ou a de ‘Indicadores de seguimento das directrices de ordenación do territorio’.

Salienta tamén o incremento da oferta informativa en relación co mundo laboral, coa programación de novas estatísticas sobre salarios, mostra continua de vidas laborais, transición á xubilación ou emprego no sector turístico.

Outras novidades son as ‘Actividades sobre ‘Empresas TIC’, ‘Fabricación de pensos’, ‘Enquisa de servizos ás empresas’, ‘Boletín Oficial do Rexistro Mercantil’, demanda turística, gasto dos fogares, coidado de menores, ou rendición de contas e esforzo fiscal dos concellos.

O programa 2013 será executado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e as consellerías a través dos seus órganos estatísticos sectoriais. A designación destas unidades especializadas nos departamentos da Administración fixo posible que todas as operacións recollidas neste programa dispoñan dun proxecto técnico de carácter público, o que contribúe decisivamente ao cumprimento dos principios de transparencia e de metodoloxía sólida recollidos no código de conduta para as estatísticas europeas.

Plan Galego de Estatística 2012-2016

O novo Plan Galego de Estatística (PGE) 2012-2016 supón un novo marco legal que consolida e amplía os logros do anterior. Ademais, coloca a Galicia entre o reducido número de comunidades autónomas dotadas dun sistema estatístico acorde cos códigos internacionais de boas prácticas como son a independencia profesional, o mandato xurídico para a recollida de datos, o compromiso de calidade, a confidencialidade, imparcialidade e a obxectividade.

Potencia o uso estatístico da información administrativa, incrementa as esixencias de visibilidade e transparencia, reforza os mecanismos de avaliación e incorpora aos programas estatísticos a información que precisen os instrumentos de planificación.

O novo plan permitirá tamén un aforro de algo máis de dous millóns de euros respecto do anterior, xa que a designación dos órganos estatísticos de todas as consellerías do Executivo autonómico mellorará a eficiencia e o cumprimento dos obxectivos marcados, así como a coordinación interna do sistema.

A XUNTA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO DE ABADÍN UN TREITO ANTIGO DA ESTRADA LU-113 (MONCELOS-ABADÍN)

- *Abarca unha lonxitude de 1.140 metros que quedaron en desuso tras as obras de mellora de trazado que se levaron a cabo no vial co obxectivo de garantir mellores comunicacións para entre a Terra Chá e a Autovía do Cantábrico*
- *A entrega completárase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade dun treito antigo da estrada LU-113 (Moncelos-Abadín) a prol do Concello de Abadín. O tramo cedido adquire características urbanas e localízase entre os puntos quilométricos 30 + 390 e 31 + 520.

Abarca polo tanto unha lonxitude de 1.140 metros que quedaron en desuso tras as obras de mellora de trazado que se levaron a cabo na devandita estrada autonómica co obxectivo de garantir mellores comunicacións para entre a Terra Chá e a Autovía do Cantábrico.

A solicitude de cambio de titularidade foi realizada polo Concello de Abadín unha vez finalizadas as ditas obras de acondicionamento.


A entrega do vial formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación de Decreto Oficial de Galicia (DOG). A partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do trazado, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria corresponderanlle ao Concello de Abadín.

Cambio de titularidade de estradas de Galicia

Os cambios de titularidade das estradas están reguladas no artigo 5 da Lei 4/1994 do 14 de setembro de 1994, de estradas de Galicia. De acordo con este artigo os cambios dos nomes das vías deben ser aprobados por un decreto de Xunta de Galicia, por proposta da consellería en materia de estradas e despois dun acordo entre as administracións afectadas. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) é a encargada de avaliar o cambio de titularidade.

Ademais, o artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia alega que as entidades locais dentro das súas competencias aprobarán a relación de estradas da súa titularidade.

Cumprindo o exposto o Concello de Abadín deberá incorporar ao seu Plan de Estradas o vial o tramo da antiga LU-113 entre os puntos quilométricos 30 + 390 e 31 + 520.



SANIDADE CREA O CONSELLO GALEGO DE INNOVACIÓN EN MATERIA SANITARIA

- ***Dará conta das propostas de colaboración entre os distintos axentes, internos e externos relacionados coa innovación en saúde; e propondrá accións de promoción e dinamización***

A Xunta de Galicia vén de aprobar un Decreto polo que se crea o Consello Galego de Innovación en Materia Sanitaria, como órgano permanente e consultivo no que participarán persoas de relevancia en materia de innovación en saúde e que terá por finalidade a promoción da innovación tanto na Consellería de Sanidade como no Servizo Galego de Saúde. No texto aprobado hoxe establécese a súa composición, organización e funcionamento.

Entre outras funcións, o Consello Galego de Innovación en Materia Sanitaria informará da estratexia da Consellería de Sanidade e do Sergas neste campo e, en xeral, das propostas de proxectos de innovación en saúde que impliquen mobilización de recursos humanos, económicos e materiais para o seu desenvolvemento e execución.

Tamén dará conta das propostas de colaboración entre os distintos axentes, internos e externos relacionados coa innovación en saúde; e propondrá accións de promoción e dinamización. Ao mesmo tempo, participará na incorporación das políticas públicas que en materia de innovación lidere a Axencia Galega de Innovación.

O Consello -órgano colexiado de carácter permanente e consultivo- estará composto por un presidente, un vicepresidente, un secretario e ata un máximo de 8 vogais, os cales non percibirán retribución algunha.

Garantir a calidade da asistencia

A Consellería de Sanidade, tal e como consta na súa Estratexia 2011-2014, selecciona e dá prioridade ao fomento da innovación para transformar a saúde pública, como proxecto estratéxico durante os vindeiros anos, dando resposta e situándose en coordinación co Plan Galego de Innovación, Investigación e Crecemento, que identifica o eido da saúde como un dos sectores fundamentais neste campo.

En consecuencia, o departamento que dirixe Rocío Mosquera identifica a innovación como unha ferramenta de mellora continua, esencial e estratéxica, para xestionar, dun xeito sustentable e eficiente, os recursos dispoñibles e garantir a calidade da asistencia sanitaria da cidadanía.

Así, xurdiu como iniciativa entre profesionais da Consellería de Sanidade e do Sergas, a construción progresiva da Plataforma de Innovación en Saúde. Esta pon á disposición

dos usuarios unha ferramenta transversal de enfoque multidisciplinar que ten por obxecto, dunha banda, promover e coordinar a participación do departamento en proxectos de innovación do máximo nivel e impacto; e doutra, xestionar adecuadamente os seus resultados.

O obxectivo final é a súa implantación no sistema público galego de saúde para modernizar e facer máis eficientes os seus procesos de prestación de servizos e organizativos, e, así mesmo, contribuír á súa eficiencia e sustentabilidade.

Así, cómpre destacar a posta en marcha dos proxectos INNOVA-Saúde e Hospital 2050, dotados cun investimento superior aos 90 millóns de euros, para mellorar a asistencia sanitaria, crear emprego e incrementar a competitividade na nosa economía.

Deste xeito, a plataforma é unha canle aberta e directa de entrada de ideas de mellora dos profesionais. Ademais, a plataforma pretende unha nova forma integral de atención sanitaria, centrada na cidadanía, na que os axentes involucrados (pacientes, coidadores, xestores, provedores) empregan as novas tecnoloxías durante o ciclo asistencial completo para mellorar a calidade, a produtividade e a efectividade da atención e asistencia sanitaria.

A XUNTA FACILITA O AVANCE DO AVE NO EIXO ATLÁNTICO COA AUTORIZACIÓN DA SUBESTACIÓN DE TOMEZA

- *A infraestrutura, situada no concello de Vilaboa, supón un paso fundamental no desenvolvemento da conexión ferroviaria entre Vigo e Santiago*
- *O proxecto, cun investimento superior aos 10MD, complementábase cunha liña de distribución que contribuirá á mellora dos niveis de seguridade e fiabilidade do sistema eléctrico*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a execución da subestación de transporte eléctrico de Tomeza, no concello de Vilaboa, que supón un paso fundamental no desenvolvemento do Eixo Atlántico de Alta Velocidade. O proxecto, que conta cun investimento superior aos 10 millóns de euros, permite a consolidación das infraestruturas eléctricas que deben dar cobertura á rede de alta velocidade no tramo que une Vigo con Santiago de Compostela.

Para acadar este obxectivo, a subestación contará cunha potencia de 220 KV e o prazo para a posta en marcha da instalación será de doce meses, polo que estará en funcionamento o próximo ano, asegurando deste xeito a demanda eléctrica para o adecuado funcionamento do AVE no Eixo Atlántico. Así mesmo, na súa construción empregaranse os denominados módulos tipo GIS, máis visuais e que confiren ao proxecto o menor impacto ambiental posible.

A lonxitude total do Eixo Atlántico de Alta Velocidade entre Vigo e A Coruña é de 155,6 km. Deles 61,7 km corresponden ao tramo A Coruña-Santiago, xa electrificado e en servizo, e os 93,9 km restantes ao tramo Santiago-Vigo, que alterna tramos de plataforma en construción con outros en que xa se finalizou. No tramo A Escravitude - Santiago, no que xa se finalizou a construción da plataforma e a colocación da superestructura, están a desenvolverse actualmente as obras de electrificación. Este tramo do AVE entre Santiago e Vigo supón un investimento total de mais de 1.500 millóns de euros.

Mellora do sistema eléctrico

Ademais, a subestación de Tomeza complementábase cunha liña de distribución, tamén autorizada polo Consello da Xunta, e que permitirá unha mellora dos niveis de seguridade e fiabilidade do sistema eléctrico, así como un avance na eficiencia do transporte eléctrico. Reduciranse, así, as perdas de rede no conxunto do sistema mellorando a distribución e impulsando a calidade empresarial e de vida da cidadanía.

Deste xeito, o Goberno galego non só garante a subministración eléctrica do Eixo Atlántico de Alta Velocidade, asegurando a alta velocidade neste tramo, senón que mantén a súa aposta polo progreso da calidade do abastecemento enerxético en Galicia.

Neste sentido, cómpre lembrar que a Consellería de Economía e Industria leva investidos máis de 37 millóns de euros para a mellora das infraestruturas enerxéticas. Así, executáronse distintos plans de calidade coas empresas distribuidoras de enerxía eléctrica, apoiouse o soterramento de infraestruturas eléctricas nos concellos, e desenvolvéronse outras actuacións puntuais como os convenios de adecuación de liñas eléctricas de Verín e da península do Morrazo.

Grazas a estas accións, o Goberno galego, pese ás dificultades orográficas e de dispersión poboacional que rexistra a comunidade, ten acadado unha importante diminución nas interrupcións de subministración ata mellorar a media nacional.

GALICIA CAPTA MÁIS DE 60 MILLÓNS PARA INNOVACIÓN A TRAVÉS DO 7º PROGRAMA MARCO DE I+D+i DUPLICANDO O OBXECTIVO INICIAL

- *A captación destes fondos, en concorrencia competitiva con proxectos de toda a Unión Europea, multiplicouse por catro desde o inicio da pasada lexislatura, cun especial avance por parte das empresas*
- *O 50% das entidades galegas que participaron ata o momento no programa foron PEMES*
- *Economía e Industria destinará neste exercicio 2,8 millóns de euros a seguir apoiando a participación galega neste programa comunitario*

Galicia duplicou xa o obxectivo de captación de fondos procedentes do 7º Programa Marco de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico da Unión Europea (2007-2013), ao conseguir as empresas, centros tecnolóxicos, universidades e demais centros de investigación galegos 60,4 millóns de euros desde o comezo da súa vixencia. O obxectivo inicial fixado pola Xunta a través deste instrumento de financiamento ascendía a 31 millóns de euros.

O 7º Programa Marco é o instrumento financeiro máis importante da Unión Europea en materia de I+D+i e nel compiten entre si entidades de toda Europa con base a criterios de excelencia. A través deste programa, foméntase a cooperación entre universidades, centros e distintos organismos de varios Estados membro, o que permite que as entidades galegas melloren a súa capacidade de traballar en contornos internacionais.

Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, desde que comezou a pasada lexislatura, a captación destes fondos multiplicouse por catro, a falta de pechar os datos de 2012. Así, mentres no 2009 se conseguiron 4,9 millóns de euros, a cantidade lograda ao longo de 2011 foi de 19,9 millóns.

Isto está directamente relacionado cos esforzos realizados pola Xunta de Galicia que, en colaboración co Goberno central, puxo en marcha entre 2009 e 2012 diferentes accións de apoio e estímulo á participación galega neste programa, con especial atención ao sector empresarial.

Á vista do positivo dos resultados, a Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, destinará neste exercicio 2,8 millóns de euros para continuar mellorando a capacidade dos axentes galegos para presentar propostas competitivas de I+D+i a nivel europeo e conseguir así o máximo aproveitamento posible de fondos deste programa, situándonos á vangarda da Unión Europea.

Dentro desta partida, destinaranse 2 millóns de euros no marco da Estratexia Estatal de Innovación E2I a un programa de bonos tecnolóxicos para apoiar as empresas galegas na preparación de novos proxectos, con base en criterios de eficiencia e calidade. Esta

medida complementarase con accións de sensibilización, con especial atención ás PEMES, e con instrumentos de apoio á innovación aberta. Tamén se realizarán accións de seguimento e análise da participación galega no programa europeo para garantir a eficiencia e a eficacia dos investimentos públicos realizados.

Protagonismo das PEMES

Neste primeiro balance da participación galega no 7º Programa Marco é especialmente salientable o avance na captación de fondos no sector privado, tradicionalmente pouco participativo neste tipo de programas. As empresas, cun protagonismo case absoluto das PEMES, lograron multiplicar case por sete a súa capacidade para captar fondos procedentes deste instrumento financeiro, pasando de 433.000 euros captados en 2007 a 2,9 millóns captados en 2011. Das 90 entidades galegas que participaron ata agora no programa un 50% foron PEMES, o que incide de forma directa na capacidade de internacionalización da innovación galega.

Ademais, a mellora experimentada por Galicia está sendo a máis importante das rexistradas por todas as comunidades autónomas, o que lle ten permitido pasar de ser a décima comunidade por porcentaxe de fondos obtidos sobre o conxunto de España a situarse no sexto posto. Por outra parte, tendo en conta o número de actividades financiadas fronte ao total de propostas presentadas, a taxa de éxito galega (22%) é superior á media da UE (20%).

Catro veces máis que no 6º Programa Marco

En relación co 6º Programa Marco (2002-2006), no que Galicia logrou 14,5 millóns de euros, a captación destes fondos comunitarios de financiamento da I+D+i tense multiplicado por catro, cando o período de execución do actual programa aínda ten case un ano por diante. Ademais, o número de proxectos liderados por universidades, empresas e centros galegos que conseguiron financiamento con estes fondos comunitarios pasou de só 2 con cargo ao 6 Programa Marco a 42 no programa actual.

A XUNTA DE GALICIA ASINOU COAS UNIVERSIDADES GALEGAS NO SEGUNDO SEMESTRE DE 2012 UN 53% MÁIS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN QUE NO MESMO PERÍODO DO ANO PASADO

- *As Consellerías asinaron acordos por un importe superior aos 1,4 millóns de euros, un 31,5% máis que no ano anterior*
- *O maior número de accións corresponden ao apoio de accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado*

A Xunta de Galicia asinou no segundo semestre de 2012 un total de 26 convenios de colaboración coas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e as fundacións, sociedades e entidades dependentes delas, o que supón un 53% máis respecto ao mesmo período do ano anterior.

Tamén se incrementou notablemente o importe total das achegas. Deste xeito, os convenios supuxeron unhas achegas ás universidades durante o segundo semestre de 2012 dun importe total de 1.416.207 euros, un 31,49% máis que no segundo semestre do ano anterior.

Estes foron os datos do informe semestral analizado hoxe polo Consello da Xunta, emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.

Desta forma, e malia a crise económica, as consellerías reforzan o seu apoio á actividade realizada no Sistema Universitario de Galicia, no marco do compromiso do Goberno galego coa construción dun futuro para Galicia baseado nos piares do coñecemento, a investigación e a innovación.

Respaldo maioritario a accións sociais

O maior número de accións apoiadas neste segundo semestre de 2012 corresponden a accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado dirixidas ao alumnado universitario galego, sendo un total de 9, que supón o 34,62% do total. Séguenlle, con 7 convenios, o apoio aos másters oficiais, que teñen como obxectivo a mellora da calidade da oferta académica do sistema universitario galego.

A continuación están os convenios para a inserción laboral dos titulados do SUG, concretamente 6; o apoio ao mantemento, reforma e adaptación das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación, con 2; e o financiamento de investigacións urxentes ou de especial interese para a consellería correspondente, con 2.

Analizando as contías dos convenios, por concepto, destacan os de apoio a accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado dirixidas ao alumnado universitario galego, que representan o 62,11% dos recursos achegados.

En canto á repartición por institucións, a Universidade de Santiago de Compostela obtén neste segundo semestre de 2012 un 79,15% das achegas; A Coruña, o 12,65%; e a Universidade de Vigo recibe o 8,20%.

O número de convenios asinados dividido por consellerías foi o seguinte: Traballo e Benestar (7); Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (5); Medio Ambiente, Economía e Industria, Presidencia, Medio Rural e do Mar (3); e Vicepresidencia e Sanidade (1).

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ASINARÁ CONTRATOS-PROGRAMA CUN TOTAL DE 289 CENTROS EDUCATIVOS, O DOBRE QUE O CURSO PASADO

- *O obxectivo desta iniciativa é conseguir que preto de 35.800 alumnas e alumnos de toda Galicia se beneficien grazas á implicación de 2.950 docentes e ao esforzo da consellería, que nesta ocasión inviste máis de 3,27 millóns de euros*
- *Nesta segunda convocatoria, os contratos-programa consolídanse como unha iniciativa eficiente contra o abandono escolar e a prol da mellora, reforzo, convivencia e excelencia do sistema educativo galego*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria informou no Consello da Xunta celebrado hoxe, que este ano 2013 está previsto asinar contratos-programa cun total de 289 centros educativos de todo Galicia, o que supón un aumento de máis do dobre respecto ao curso pasado. O obxectivo desta iniciativa é conseguir que preto de 35.800 alumnas e alumnos de toda a Comunidade se beneficien destes contratos-programa, feito que se consegue grazas á implicación de 2.950 docentes e ao esforzo da Consellería, que nesta ocasión inviste máis de 3,27 millóns de euros.

Os centros participantes no curso 2012/2013 desenvolverán un total de 418 actuacións, 255 delas para o reforzo, orientación e apoio; 92 de mellora da lectura, escritura e cálculo; 34 para a mellora da convivencia; 6 dirixidas á redución do abandono escolar; e 31 para favorecer a excelencia educativa. Un total de 99 colexios e institutos asinaron contratos-programa con dúas ou máis liñas de actuación.

Deste xeito, quedou confirmado o éxito da segunda convocatoria desta iniciativa que se consolida como un programa eficiente contra o abandono escolar e a prol da mellora, o reforzo, a convivencia e a excelencia do sistema educativo galego. Deste xeito, este ano presentáronse 314 centros, con propostas para o desenvolvemento de 527 actuacións, o que supuxo duplicar o número de solicitudes do ano anterior, mostra do interese da comunidade educativa.

Este ano 2013 un total 289 centros contan con contratos-programa, o que supón que 3 de cada 10 centros públicos de ensino obrigatorio de Galicia beneficiáanse desta iniciativa. O alumnado beneficiado multiplícase por tres, chegando a un de cada cinco alumnos de ensino obrigatorio. Así mesmo, un de cada dez docentes participa nesta iniciativa, cun incremento moi significativo na docencia dos profesores do centro nos programas de apoio, o que demostra unha maior implicación por parte deste colectivo.

Contratos-programa 2012-2013

Para este novo curso o número de centros beneficiarios nesta segunda convocatoria de contratos-programa duplicouse, pasando de 144 a 289. Dos 95 centros que

participaron, por instancia da administración, nos Programas de Iniciativa de Mellora (PIM) en 2011, 69 decidiron incorporarse voluntariamente a esta convocatoria. O 55% dos centros beneficiarios son de primaria.

Doutra banda, incrementáronse un 80% o número das actuacións, distribuíndose un 61% do total para programas de reforzo, orientación e apoio, un 22% para a mellora da lectura, escritura e cálculo, un 8% para a excelencia e un 8% para a convivencia. En proporción, esta distribución entre os programas elixidos é semellante á 2011.

Investimento

Respecto ao investimento, a Consellería aumentouno nun 31% en relación ao período 2011/2012, destinando un total de 3,27 millóns de euros. A partida máis importante é para gastos de funcionamento derivados dos gastos inherentes ás actividades e ao transporte escolar, demostrando un claro apoio ao rural galego. O maior investimento en recursos humanos diríxese ás gratificacións ao profesorado dos centros nos programas de reforzo fora de horario escolar, participación que aumenta moito; e a contratación de 65 novos docentes externos de apoio.

Obxectivo do programa

No contexto europeo, o Consello de Ministros da UE do 12 de maio de 2009 adoptou o novo Marco para a cooperación europea en educación e formación (ET 2020). Nesta xuntanza comunitaria fixéronse unha serie de obxectivos estratéxicos para 2020, entre os que destacan mellorar da calidade e eficiencia da educación e a formación, que inclúe reducir a porcentaxe de alumnado con baixo rendemento en competencias básicas e aumentar a competencia en linguas estranxeiras.

En liña con estas directrices, a Consellería de Cultura e Educación decidiu poñer en marcha no curso 11/12 varias iniciativas para mellorar o éxito escolar, e unha destas medidas foi a creación dos contratos-programa cos centros docentes públicos. A introdución desta figura supón un cambio na cultura dos centros, xa que permite aos colexios, unha vez analizadas as súas fortalezas e debilidades, e segundo o seu contexto, deseñar e propoñer un proxecto propio enfocado ás principais actuacións propostas para a súa mellora, todo isto nun marco de maior autonomía pedagóxica, de organización e xestión.

Así mesmo, este programa contribúe a afondar na cultura da avaliación, co establecemento de indicadores de resultado específicos para cada centro. Permite visibilizar e poñer en valor o esforzo e o investimento tanto do centro como da administración educativa para o éxito escolar, facendo partícipe ao profesorado mediante o recoñecemento do seu labor.

MÁIS DE 3.000 PERSOAS REALIZARON TRATAMENTOS RENAIIS SUBSTITUTIVOS EN GALICIA AO LONGO DE 2011

- *A hemodiálise é a técnica utilizada maioritariamente para o inicio destas terapias, seguida pola diálise peritoneal e o transplante anticipado*
- *O custo da diálise dos enfermos en tratamento renal substitutivo foi ese ano de 34 millóns de euros*

Un total de 3.278 pacientes estaban a realizar tratamentos renais substitutivos (TRS) a finais de 2011, cun custo estimado no ano de 34 millóns de euros, segundo se recolle nun informe sobre a actividade dese ano do Rexistro de Enfermos Renais de Galicia (REXER) presentado hoxe pola conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, aos membros do Consello da Xunta.

Isto supón unha taxa de prevalencia de 1.172,6 persoas por millón de habitantes. A prevalencia refírese aos pacientes vivos e residentes en Galicia en TRS o 31 de decembro de 2011 en calquera dos centros autorizados da comunidade, que nesa data eran 24, repartidos nas catro provincias de Galicia.

No que atinxe á incidencia –cifra que se refire aos pacientes residentes en Galicia, que inician tratamento renal substitutivo en programa de diálise ou con transplante renal anticipado (sen diálise previa) ao longo dun ano-, segundo o REXER foron 397 pacientes os que iniciaron TRS en 2011, o que significa que a taxa neste caso é de 142 persoas por millón de habitantes. Neste eido, o custo estimado en transplantes renais foi de 5,4 millóns de euros no conxunto do ano 2011.

Grupos de idade e técnicas utilizadas

Por grupos de idade, máis do 53% dos pacientes eran maiores de 65 anos ao inicio do tratamento renal substitutivo, e este grupo de idade representa xa máis do 45% dos prevalentes.

A hemodiálise é a técnica utilizada maioritariamente para o inicio do TRS: no ano 2011 usouse no 77,1% dos casos. A diálise peritoneal empregouse no 20,4% dos pacientes –Galicia é unha das comunidades onde esta porcentaxe é máis alta-; mentres que o transplante anticipado fíxose no 2,5% dos casos. Destes últimos, máis do 16% foron de doador vivo, o que supón unha porcentaxe máis elevada que a media española.

No que atinxe á etioloxía da enfermidade renal –causas da doenza-, cabe destacar a importancia da diabetes.

Resposta ás necesidades de información dos profesionais

O Rexistro de Enfermos Renais de Galicia, creado en 1995, recolle información de todos os enfermos en tratamento renal substitutivo (TRS), diálise ou transplante na Comunidade Autónoma.

O seu obxectivo é dar resposta ás necesidades de información de todos os profesionais implicados na planificación, o tratamento e a avaliación da atención aos enfermos con insuficiencia renal crónica terminal. A actual aplicación informática permite a introdución de datos en ordenadores situados en cada un dos servizos de nefroloxía hospitalarios e nos centros de diálise autorizados.

O Rexistro está adscrito á Oficina de Coordinación de Transplantes, dependente da Dirección de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde. É membro do Grupo de Rexistros de Enfermos Renais e envía información periódica ao rexistro europeo da European Renal Association – European Dialysis and Transplantation Association (ERA-EDTA).